

eu RAZO BALDAIO

Coñecer
para valorar

*Iniciación á
ornitología:
píllara das
dunas, a xoia
de Baldaio*



Grupo Naturalista
Hábitat 



www.carballo.gal/euqueroRB

A píllara das dunas, a xoia de Baldaio



E que é isto da ornitología? Moi simple. Trátase da rama da zooloxía, que ten por obxectivo o estudo das aves.

É ciencia, por suposto, pero na realidade abarca moito máis. Alén da investigación máis exhaustiva e académica sobre as aves, a ornitología é tamén unha estupenda afección, ao alcance de todo aquel que desexe gozar deste grupo faunístico, que enche de vida a nosas cidades, vilas e espazos naturais. Cada ave, coas súas características e costumes, constitúe un novo capítulo do gran libro que é natureza, merecedora dun espazo destacado nas nosas bibliotecas.

A observación e o achegamento ás aves, cambiante segundo as condicións meteorolóxicas, os hábitats visitados, ou a propia época do ano, reflexo da vivacidade dos seus protagonistas, nos permitirá descubrir dende especies residentes (coas que contaremos todo o ano), ata aquelas outras estivais, invernantes, ou que simplemente están de paso pola nosa contorna, froito dos seus hábitos e rutas migratorias. Todo un espectáculo de cores, formas, tamaños, cantos, voos... e historias.



Prismáticos, guía de campo, caderno e lapis, cóntanse entre os elementos, simples e básicos, para iniciarse no eido da ornitología. Sen necesidade dun gran gasto, abríbase ante ti un mundo, se cadra antes inadvertido, pero que agardaba ao teu carón ser descuberto. E se os primeiros pasos se che quedan curtos, e a túa paixón pola aves crece co tempo,

multitude de bibliografía e recursos dixitais (apps, websites, entre outras) farán da túa aprendizaxe toda unha experiencia.

A contorna de Baldaio, integrada na Rede Natura 2000, áchase como un espazo natural protexido cunha notable riqueza ornitolóxica. A súa extensa lagoa, a proximidade do mar, praia e dunas, e a cobertura vexetal exis-

tente, son hábitats propicios para o descanso, alimento ou cría de moitas aves. Dende pequenas e nerviosas paseriformes, ata grandes e pacientes zancudas, pasando polas sempre maxestuosas aves de rapina, atopan aquí un espazo común, ao alcance de todo visitante, que merece ser coñecido e respectado.



Resulta complicada a tarefa de escoller unha ave emblemática desta contorna, con tantos candidatos axeitados. Mais se cadra, a pequena Píllara das dunas (*Charadrius alexandrinus*) sexa merecedora de tal recoñecemento. Esta ave limícola, de aspecto inconfundible, apenas 15 centímetros de lonxitude e pouco máis de 40 gramos de peso, forma parte do patrimonio natural tristemente ameazado da nosa comunidade, cunha reducida poboación, única en todo o sector cántabro-atlántico do litoral español. O declive estimado, e o reducido tamaño da poboación galega, derivou na súa inclusión no Catálogo Galego de Especies Ameazadas. En consecuencia, a píllara goza hoxe día dun Plan de conservación, que ten por obxectivo garantir a súa supervivencia, e a dos seus hábitats.



Os datos do seguimento desta especie reflicten que a píllara atopa en Baldaio un dos enclaves principais para o seu éxito reprodutivo en Galicia. Polo tanto, obriga de todos, e compro-

miso de moitos, será procurar que as súas pegadas non desaparezan nunca dos nosos areais.

Unha xornada de achegamento á avifauna de Baldaio permirá conversar e coñecer en detalle todas estas cuestións. Aprenderás a identificar as especies que se atopan durante o noso percorrer, con especial fincapé na prezada píllara. Así mesmo, poderás manexar ópticas e guías de campo para a tua iniciación na ornitología, ao tempo que coñecer os recursos e boas prácticas máis axeitadas para a observación das aves.



Contidos:

Grupo
Naturalista
Hábitat

Edita:

Concello
de Carballo